

Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o desenvolvemento de actividades vinculadas aos seus estudos no Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza, no mercado de abastos de Pontevedra

10 de novembro de 2023

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e as consellerías da Xunta de Galicia e 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

E don Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontevedra.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que o CIFP Carlos Oroza “Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza”, está regulado polo Decreto 266/2007, do 28 de decembro, a súa oferta formativa está dirixida a colectivos destinatarios dos dous subsistemas, formación profesional inicial e formación para o emprego. A acreditación como CIFP data do 10 de xuño de 2004 mediante a Orde do 27 de maio de 2004.

O centro foi creado no ano 1996 coa finalidade de dotar a provincia de Pontevedra dun centro educativo que dinamizase as ensinanzas da familia profesional de hostalaría e turismo nun sistema integrado de formación, mediante o establecemento dunha oferta educativa de ciclos formativos, accións formativas para o emprego, programas de acreditación de competencias profesionais e un espazo de cooperación entre o centro educativo e as empresas do sector.

Entre os obxectivos do centro se atopan:

- 1.1. Promover unha formación profesional integrada de calidade.
- 1.2. Prestar un servizo de Información Profesional integrada.
- 1.3. Mellorar a xestión dos recursos.
- 1.4. Favorecer o plurilingüismo e a internacionalización.
- 1.5. Promover a igualdade de oportunidades.
- 1.6. Promover a xestión do medio ambiente.
- 1.7. Impulsar a innovación na formación profesional.
- 1.8. Promover a cultura emprendedora.

2. Que o Concello de Pontevedra debe desenvolver políticas, plans e actuacións para o desenvolvemento das súas competencias polo que considera oportuno establecer un espazo de cooperación entre o CIFP Carlos Oroza e o ámbito produtivo local, coa finalidade de estender unha cultura da formación, contribuíndo a difundir a formación profesional. A colaboración entre ambas institucións permitirá a realización de diversas actuacións que melloren a formación do alumnado e os servizos do mercado a cidadanía.

Esta colaboración interinstitucional, baseada no principio de protagonismo dos concellos como axentes decisorios das políticas municipais e, en desenvolvemento das competencias que a lexislación vixente atribúe á administración local, inicia unha relación e colaboración entre as institucións asinantes e afonda na conxugación dos principios que rexen as relación entre o concello e o CIP Carlos Oroza mediante a planificación e desenvolvemento de accións coordinadas na formación do alumnado, mediante a realización de proxectos de emprendemento e no desenvolvemento de actividades vinculadas coa súa formación.

3. Resulta evidente que a gastronomía representa un especial atractivo para o turismo, polo que coas actividades que vai desenvolver o CIFP Carlos Oroza potenciarase a gastronomía tradicional, popular e local (a súa actividade potencia o consumo de produtos quilómetro 0) e apoiarase o proceso de transformación e innovación que vive a gastronomía española.

As actividades que se van desenvolver, vinculadas a formación impartida polo CIFP Carlos Oroza, resultan do mais acorde co plan de dinamización do mercado posto en marcha para promover o consumo e o ocio do público local e visitante e promoverá inda mais o desenvolvemento económico, social e turístico do mercado.

4. Que a vista do exposto o concello de Pontevedra, a través das súas diferentes concellarías, vai colaborar co CIFP Carlos Oroza no exercicio das súas competencias propias en materia de promoción da actividade turística, de promoción da cultura e das actividades culturais así como da ocupación do tempo libre.

Con esta colaboración o Concello de Pontevedra quere apoiar e gozar daqueles proxectos que o CIFP Carlos Oroza poda desenvolver no espazo gastronómico do mercado.

Por todo canto antecede, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración do Concello de Pontevedra co CIFP Carlos Oroza para cooperar na planificación e execución de proxectos e actuacións vinculados coa gastronomía, dentro do marco da formación profesional que se imparte no centro.

Segunda. Compromisos das partes

O Concello de Pontevedra comprométese a:

Por a disposición do centro educativo un espazo no primeiro andar do mercado de abastos da Avenida de Bos Aires (inicialmente os locais número 6A-8A-10A) para o desenvolvemento daquelas actividades que requiran un espazo de traballo propio.

A Consellería de Educación comprométese a:

Responsabilizarse do bo uso e mantemento do espazo cedido.

Que as actividades que vai desenvolver nese espazo vaian dirixidas a posta en común de coñecementos gastronómicos e de hostalaría, dando a coñecer a actividade do centro de formación.

Subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos materiais e persoais que puideran derivarse no desenvolvemento da súa actividade.

Facer constar a colaboración municipal nos medios que se utilicen para a difusión das súas actividades.

Terceira. Importe económico

A aplicación deste convenio non implica achega económica para ningunha das partes, Concello de Pontevedra e Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Cuarta. Persoal e inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza, entre o Concello de Pontevedra e as persoas, profesionais ou empresas, contratados libremente polo CIFP Carlos Oroza para o desenvolvemento dalgunha das actividades ou programas que constitúen o obxecto deste convenio. De tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello de Pontevedra responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Quinta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e reunirse cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Estará constituída por:

- a. Unha persoa representante da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que exercerá a presidencia da comisión.
- b. Unha persoa representante do Concello de Pontevedra.
- c. Unha persoa representante do CIFP Carlos Oroza, que exercerá de secretaria.

A comisión terá como funcións facer o seguimento e control do cumprimento do convenio así como interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Sexta. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das

partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Sétima. Causas de resolución do convenio

Serán causa de resolución do presente convenio:

- a. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b. O acordo unánime dos asinantes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Oitava. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e a empresa que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Novena. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos

principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data indicado ao

comezo. O conselleiro de Cultura, Educación, O alcalde-presidente

Formación Profesional e Universidades do Excmo. Concello de Pontevedra

Román Rodríguez González

Miguel Anxo Fernández Lores